



Parlamento das Letras: Xavier Alcalá

Publicado o [19/12/2012](#)

Xavier Alcalá é un impaisano de querenzas austrais, cerna galega e orixes migueltureñas que anda polo mundo como o salmón, nadando a contracorrente literaria.

Cando por estes lares andaban as xentes a argallar espazos para as primeiras novelas policiais ou eróticas ou se afanaban nun cunqueirianismo epigonal, el decidía que a escrita americanista, arxentina e aínda patagonista era o seu. Cando logo viraron as tornas e a tantiños se lles deu pola narrativa guerracivilista, este ferrolterrán e eumés de cor púxose nas detrás en que o que cumpría era a crónica de viaxes e a novela histórica de epopea transoceánica.

Agora que ultimamente todo figura tan avolto, aquel rapaz que escolleu por profesión os tarecos tecnolóxicos sabe xa que o larvisión é un clásico e que o que presta nesta hora é a historia socioespiritual de nós, vía evanxélica ou a que for, e a memoria da revolución permanente.

Do poeta do andar primeiro fica a sabenza da palabra escolleita, do articulista que se prodiga aquí e acolá, o gusto polo período preciso e zumegante de contido, do home de ciencia que por ocupación vital é, a impecable documentación que fertiliza os seus relatos.

A nosa cinza lectora débelle moito a Xavier Alcalá. Sen ese pouso lene do brasido que as súas historias foron deixando en tantas promocións non se entendería a literatura galega destas tres décadas pasadas. Porque houbo e hai lume co que se quentar, aquí van as súas lapas verbais para escorrentar as friaxes ágrafas.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Letras de cancións para Andrés do Barro en Edigsa, no 67.

Crónicas en *El Ideal Gallego*, no 71.

Narrativa breve en *Galaxia*, no 72

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A mellor tratada é —sen dúbida— *A nosa cinza*, con “ene” edicións (non se sabe cantas, por culpa das piratas), das que 18 son legais. Suponse que vendeu máis de 70.000 exemplares (56.000 legais).

A peor tratada, *Nos pagos de Huinca Loo*, unha novela de calidade polo tema exótico (a conquista das pampas nas mans dos indios) e pola estrutura.

A nosa cinza é un bildungsroman cargado de sentimentalismo. Ao que non lle encontro razón é ás 3 edicións de *Nos pagos*...

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non, que eu saiba. Desde 1976 véñome pondo diante dunha pantalla e un teclado cando podo... Teño moito orixinal escrito en aeroportos e a bordo dos avións. Todo me vale.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Teresa Moure, Xavier Queipo, Antón Riveiro Coello, Miguel Anxo Murado, Darío Xohán Cabana...

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Quizais que escribín moito e conseguín publicar todo, despois de tirar moitas páxinas á papeleira (dixital).

E que só me internei no paranormal con *Código Morse*. De resto, ou fixen crónica ou inventei historias perfectamente verosímiles.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Leo moito sobre ciencia e tecnoloxía, pero tamén libros de viaxe, crónicas e novelas.

Regreso sempre a Eça de Queiroz, Verne, Orwell, Amado...

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalles vivencia e conciencia de que os galegos son o pobo europeo que máis espazos ocupou no mundo en relación ao seu tamaño. É terrible ser xurado nun concurso literario en Galicia: parece increíble que haxa tanta historia vulgar e falte a épica da galeguidade. O peor é que xa morreu moito vello que podía contar historias das que deixan sen respiración.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

A próxima novela, que vai contra o mundo sinistro dos cregos e a mentira bestial en que basean o seu negocio. Teño contos que axustarlles desde que era acólito.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Preocúpanme: os escritores galegos que seguen pautas madrileñas; non len nada en portugués nin en inglés (perdón por xeneralizar).

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Moi agradecido pola oportunidade de escribir o que digo con frecuencia.